



**BASES SORTEO “CAMPAÑA DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL – 15 ANIVERSARIO”**  
**DA ASOCIACIÓN DE AUTÓNOMAS DE LUGO**

1. A “CAMPAÑA DE DINAMIZACION COMERCIAL- 15 ANIVERSARIO” é unha campaña promocional e publicitaria promovida e organizada pola Asociación de Autónomas de Lugo, na que participarán tódolos establecementos integrados en dita Asociación que o desexen, e que se celebrará entre os días 2 e 9 de outubro de 2020, baixo o lema “Agora, más que nunca, nas tendas hai que entrar, áinda que sexa de visita”.
2. O obxectivo principal desta campaña é incrementar as compras e incentivar o consumo nos establecementos do centro de Lugo, premiando a fidelidade dos clientes dos mesmos, e tratando de atraer ao consumidor ás rúas, ofertando un comercio seguro e de calidade.
3. A dinámica da campaña é a seguinte: Durante os días de duración da campaña, haberá actividades de animación e dinamización comercial nos establecementos participantes, que poderán sacar os seus produtos á rúa. Ademais, todos aqueles consumidores que realicen unha compra por importe igual ou superior a 20€ nos establecementos participantes na campaña, entre as datas de 2 a 9 de outubro de 2020, poderán participar no sorteo de tarxetas regalo que se celebrará na festa final de campaña que se celebrará o venres 9 de outubro, a partir das 20 horas, na Praza da Soedade de Lugo.

Ese día, os clientes/consumidores deberán canxejar o seu ticket de compra nunha urna situada a tal efecto na Praza da Soedade de Lugo, onde a organización verificará a validez do citado ticket e aclarará calquera dúbida aos participantes, ademais de dispoñer destas bases para quen desexe consultalas.

4. Cada ticket dará dereito a unha participación nesta campaña. Cantos máis tickets se canxeen, máis opcións de gañar unha das tarxetas regalo que se sortearán, tal e como se detalla nestas bases. Os titulares dos tickets deberán facilitar o seu nome completo e número de DNI para poder identificalos axeitadamente no momento da entrega do premio no caso de resultar premiados.



5. Quedan excluidos de participar nesta campaña os familiares ata 4º grado da directiva ou persoal da Asociación, así como dos titulares dos establecementos participantes na campaña.
6. O sorteo terá lugar ás 20.00 horas do día 9 de outubro de 2020 na PRAZA DA SOEADA DE LUGO entre tódolos participantes que canxearan previamente o seu ticket no lugar destinado a tal efecto.
7. Unha man inocente extraerá as participacións que corresponderán aos seguintes agasallos que se sortearán, por esta orde:
  - a. 5 tarxetas regalo por valor de 20 euros
  - b. 4 tarxetas regalo por valor de 50 euros
  - c. 2 tarxetas regalo por valor de 100 euros
  - d. 1 tarxeta regalo por valor de 200 euros
  - e. 1 tarxeta regalo por valor de 300 euros
8. Aos gañadores facilitáráselles un listado de socios participantes a fin de que podan facer efectivo o seu premio no prazo sinalado (30 de novembro de 2020). No caso de que algunha das participacións extraídas non cumpla os requisitos expostos nestas bases, extraerase unha nova participación e así ata atopar unha que cumpla todos os requisitos e que cuxo titular resultará agasallado co premio descrito. O sorteo é presencial, polo que para poder optar aos premios, haberá que estar presente no momento de realizarse o sorteo. De non estar presente o titular dalgún ticket agraciado, extraerase un novo ticket que cumpla os requisitos e así sucesivamente, ata que salgan todos os premios cos agraciados alí presentes para recollelos.
- O importe total dos dous premio sorteados ascende a 1.000 euros iva engadido en total
9. A mera participación nesta promoción-sorteo supón a plena aceptación destas bases a tódolos efectos dispostos nas mesmas, especialmente polo que se refire á autorización á entidade organizadora para a utilización dos datos identificativos facilitados no acto do sorteo polos participantes, única e exclusivamente para os fins propios de difusión e



publicidade desta campaña, e sempre respetando a política de protección de datos do apartado 8. Esta autorización faise extensiva ás imaxes do gañadores para os efectos de publicidade do resultado da campaña.

O incumprimento destas bases supón a privación de todos os dereitos que podan derivar da participación na campaña.

10. De conformidade co disposto no Reglamento da UE 2016/679 de 27 de Abril do 2016, así como na restante normativa de protección de datos estatal, infórmase que os datos subministrados polo titular dos mesmos aos efectos de participar nesta campaña, serán incorporados a un ficheiro ou rexistro privado e confidencial, do que é titular e responsable a entidade ASOCIACIÓN DE AUTÓNOMAS DE LUGO, Ronda da Muralla, nº 52, entrechán dereita, 27002 de Lugo; teléfono 982255120, mail asociacion.autonomas.lugo@gmail.com Que a lexitimación para a obtención destes datos ven dada, pola necesidade de contar cos mesmos para poder participar nesta campaña/acción promocional ou publicitaria, sendo tales datos tratados con tódalas garantías, e coa única finalidade de dar saída e cumplimentar os fins e obxectivos propios da campaña, e serán ditos datos conservados polo responsable do ficheiro durante o periodo de duración de dita campaña. A través da súa participación nesta campaña, o titular dos datos cedidos para a mesma, que coñece e acepta o contido destas bases, presta o seu consentimiento e autoriza expresamente a que tales datos básicos de identificación facilitados a tal fin, así como as imaxes tomadas no seu caso dos actos da campaña, poidan ser publicitados/as en medios de comunicación, redes sociais etc.. todo elo a efectos unica e exclusivamente de divulgar e publicitar dita acción promocional. Asimesmo autoriza a que os datos sean cedidos a terceiras empresas relacionadas coa entidade organizadora, aos únicos e exclusivos efectos de dar cumprimento aos fins da campaña en canto a divulgación, publicidade e promoción da mesma.

11. O titular dos datos subministrados, poderá exercer en calquera momento, os seus dereitos de acceso, rectificación ou supresión, limitación do tratamiento, oposición ao seu tratamento, portabilidade, olvido, e todos aqueles recollidos no Reglamento referido, por medio de comunicación escrita dirixida a ASOCIACIÓN DE AUTÓNOMAS DE LUGO, Ronda da Muralla, nº 52, entrechán dereita, 27002 de Lugo; teléfono 982255120, mail



[asociacion.autonomas.lugo@gmail.com](mailto:asociacion.autonomas.lugo@gmail.com) , na cal conste expresamente e se especifique o dereito que desexa exercitar.

O titular ten dereito tamén a reclamar ante a autoridade de control en materia de Protección de Datos, no caso de que considere que se vulneraron os seus dereitos nesta materia ou non obtivera satisfacción no exercicio dos mesmos.

12. A organización resérvase o dereito a modificar total ou parcialmente estas bases, así como o de suspender esta campaña por causa de forza maior axena a súa responsabilidade, sen incorrer por elo en responsabilidade algúnhha.

13. As presentes bases, debidamente protocolizadas perante Notario, serán depositadas na sede da Asociación de Autónomas de Lugo, sita en Ronda da Muralla 52, entrechán dereita, 27002, Lugo, a disposición de todo aquel que desexe consultalas.